

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES AGRA DE LEBORÍS
CURSO: 2º BACHARELATO
MATERIA: ECONOMÍA DE EMPRESA
DEPARTAMENTO: ECONOMÍA
DATA:11/5/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>B6.1. Identificar os datos máis salientables do balance e da conta de perdas e ganancias, explicar o seu significado, diagnosticar a situación a partir da información obtida e propor medidas para a súa mellora.</p>	<p>EEB6.1.1. Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada.</p> <p>EEB6.1.2. Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais.</p> <p>EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento.</p> <p>EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais.</p> <p>EEB6.1.9. Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables.</p> <p>EEB6.1.10. Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa.</p>
<p>B6.1. Identificar os datos máis salientables do balance e da conta de perdas e ganancias, explicar o seu significado, diagnosticar a situación a partir da información obtida e propor medidas para a súa mellora.</p>	<p>EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento.</p>

	<p>EEB6.1.4. Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no apalancamento da empresa, mediante a utilización de rateos.</p> <p>EEB6.1.5. Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros.</p> <p>EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais.</p> <p>EEB6.1.7. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa.</p>
<p>B5.1. Analizar as características do mercado e explicar, de acordo con elas, as políticas de márketing aplicadas por unha empresa ante diferentes situacións e obxectivos.</p>	<p>EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido.</p> <p>EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing.</p> <p>EEB5.1.3. Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental.</p>

EEB5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados.

EEB5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos.

EEB5.1.6. Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación.

EEB5.1.7. Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa.

EEB5.1.8. Determina as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa.

B3.1. Explicar a planificación, a organización e a xestión dos recursos dunha empresa, valorando as posibles modificacións para realizar en función do ámbito en que desenvolve a súa actividade e dos obxectivos formulados.

EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais.

EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa.

EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións.

EEB3.1.4. Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Na 1ª e 2ª avaliación utilizáronse: Observación directa do traballo diario do alumnado individual ou en grupo. Análise e valoración das tarefas especialmente deseñadas para a avaliación. Valoración cuantitativa do avance individual do alumnado (cualificacións). Na 3ª avaliación: Seguimento do traballo na aula virtual, ou correo electrónico. Análise e valoración das tarefas especialmente deseñadas para a avaliación. Valoración do avance do alumnado.</p> <p>Nas tarefas a realizar polo alumnado, valoraranse aspectos que se traballaron, en todo momento, nos contidos impartidos nos dous primeiros trimestres , como:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Claridade e utilización correcta da linguaxe económica. - Interrelación coherente entre os conceptos. - Plantexamento correcto dos problemas. - Explicación do proceso seguido e a súa interpretación teórica. - Obtención de resultados correctos, expresados nas unidades correctas. <p>Terase en conta a efectiva realización e calidade das tarefas propostas, no prazo establecido para a súa realización.</p>
	<p>Instrumentos: Na 1ª e 2ª avaliación utilizáronse: Probas individual ou por grupos. Probas específicas. Controis de seguimento. Resumes e postas en común. Resolución de exercicios e problemas. Actividades de avaliacións. Exames de avaliación.</p> <p>Na 3ª avaliación: Boletíns con actividades específicas sobre os temas traballados na primeira e na segunda avaliación, semanais, quincenais ou con outro límite de tempo, en función do deseño da actividade e o grao de esixencia, adaptándose a diversos niveis de aprendizaxe. Traballos de investigación. Tarefas, todas elas, propostas na aula virtual ou comunicadas ao alumnado por correo electrónico.</p>
Cualificación final	<p>Procedemento para obter a cualificación final de curso: A cualificación final ordinaria farase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas no terceiro trimestre. Para calcular a nota farase a media aritmética da 1ª e 2ª avaliación, podendo sumar a esta cualificación ata un máximo de 1 punto polas actividades realizadas no 3º trimestre, no caso do alumnado coa materia aprobada ata o 13 de marzo. No caso do alumnado coa materia suspensa (ata o 13 de marzo), terá a posibilidade de recuperala realizando actividades de recuperación deseñadas para tal fin e sinaladas nesta programación. Considerarase avaliación suspensa unha nota media inferior ao 5 e falta de traballo ou a non realización de maneira suficiente das tarefas do 3º trimestre.</p>

<p align="center">Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>O alumnado que non acade unha cualificación positiva na avaliación ordinaria, terá a posibilidade de acadar os obxectivos nunha convocatoria extraordinaria no mes de setembro. Os mínimos serán os mesmos que os requiridos na avaliación ordinaria. A nota que o alumnado debe conseguir para superar a materia será un 5, obtido de xeito exclusivo na proba que se establezca para tal fin.</p>
<p align="center">Alumnado de materia pendente</p>	<p>Criterios de avaliación: Os recollidos na Programación didáctica do curso, para esta materia.</p>
	<p>Criterios de cualificación: A cualificación positiva basearase na resolución e entrega do boletín de actividades no prazo establecido e a valoración dunha proba baseada nos contidos do boletín entregado.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Entrega dun boletín de exercicios, ao alumnado que pode ser descargado no curso da aula virtual PENDENTES -Economía-Curso 2019/20 e que deberá ser remitido ao profesor nun prazo establecido. Usaríase outra alternativa, como un correo, de non ser posible pola AV.</p> <p>Realización dunha proba telemática, baseada nos contidos do boletín entregado, con límite de tempo. Dita proba será a través da aula virtual, onde se proporcionará ao alumnado a proba a facer. Unha vez realizada será descargada polo alumnado na AV, non admitíndose entregas fóra da hora límite. Usaríase outra alternativa, como un correo, de non ser posible pola AV.</p> <p>A realización da proba, estará supeditada á entrega do boletín no prazo establecido.</p> <p>A non entrega do boletín no prazo fixado, implicará a non superación da recuperación da materia pendente e a finalización do plan de recuperación.</p> <p>Información ás familias e o alumnado por correo electrónico ou outro medio se non é posible éste e publicación, para ambos, no curso de pendentes da AV.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Actividades de recuperación, consistentes en boletíns con actividades específicas sobre os temas traballados na primeira e na segunda avaliación, especialmente deseñados para o alumnado coa materia suspensa.</p> <p>Actividades de repaso, reforzo ou ampliación para todo o alumnado, relacionadas cos temas xa tratados e que, nalgúns aspectos, poderán servir de base fundamental cara o próximo curso.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Flexible, na medida do posible, atendendo a cada circunstancia.</p> <p>Proposta de actividades nas que se indica o período no que deben ser realizadas e enviadas para que sexan revisadas, se é o caso, a través da aula virtual ou un correo electrónico.</p> <p>Corrección das actividades por parte do profesor/a e indicación dos erros, se é o caso.</p> <p>Publicación na aula virtual das solucións ás actividades para facer a corrección o alumnado.</p> <p>Indicacións, a determinado alumnado, unha vez revisadas as tarefas polo/a profesor/a e postas as solucións na aula virtual, para que envíen as correccións feitas sobre as mesmas actividades que elaboraron.</p> <p>Disponibilidade continua para a consulta de dúbidas a través da AV ou correo electrónico.</p>
Materiais e recursos	<p>Apuntes do profesor/a.</p> <p>Material de apoio (videos , presentacións, enlaces...).</p> <p>Fichas ou boletíns de actividades.</p> <p>Aula virtual.</p> <p>Correo electrónico.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Ao alumnado e as familias pola aula virtual, a través do foro de novas.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro, dispoñible para o alumnado e as súas familias.